

UN VETERINARIO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. ACHEGAS Á FIGURA DE XAVIER PRADO RODRÍGUEZ, LAMEIRO (1874-1942)

O Día das Letras Galegas do ano 2010 será dedicado á figura do poeta Uxío Novoneyra. Sen embargo, son poucos os que saben que, dentro das ternas que os nosos académicos manexan, non é a primeira vez que se coa a figura dun veterinario. Nacido no 1874, Xavier Prado *Lameiro* desenvolveu unha intensa actividade como poeta costumista, autor teatral e xornalista. O seu labor como veterinario ficou ás veces baixo a sombra da súa sobresaínte produción literaria.

Diego Conde Gómez

Asociación Historia Veterinaria Galega (HISVEGA)

A intención deste traballo é reivindicar o recoñecemento da obra de Prado *Lameiro* dentro da literatura galega e establecer novas achegas á súa semblanza, en favor tamén do seu labor como veterinario.

PERFIL BIOGRÁFICO



Xavier Prado

Xavier Prado Rodríguez, *Lameiro*, nace en Ourense o 12 de setembro de 1874, na Praza do Corredor. O seu pai, Vicente Prado Romero, empregado público de profesión, chegou a ser secretario do Goberno Civil de Cádiz. Unha grave doenza obrigáralo a deixar este posto e trasladarse a Ourense, de onde era a súa esposa, Carmen Rodríguez Rodríguez. Orfo de pai a unha idade temperá, Xavier Prado criáse co seu padriño David García González, subdiácono e ecónomo da parroquia de Cudeiro.

Despois de realizar os seus estudos primarios en Ourense, Prado solicita en 1891, con pouco máis de 16 anos, unha praza como voluntario no Exército. Permanece nel tres anos, destinado en Vigo e no Rexemento de Infantería de Murcia, e chega a sarxento. En 1894 obtén a súa primeira licenzia provisional, quedando agregado á gornición de Ourense.

Iniciará os seus estudos de Veterinaria na Escola Especial de Santiago de Compostela, nese momento situada no edificio de San Clemente, finalizando en xullo de 1900 con nota de sobresaínte. Nesa época empeza a publicar textos satíricos en revistas coma *El Cinife*, xa co pseudónimo de *Lameiro*.

Unha vez finalizados os estudos en Santiago, ten como primeiro destino o posto de inspector de carnes e peixes do Concello de Ribadavia. Pouco máis tarde sería nomeado subdelegado de Veterinaria dese distrito.

En Ribadavia contrae matrimonio con Aurora Rodríguez, coa que terá un único fillo. Queda viúvo e casa por segunda vez con dona Dolores Montes Pérez, coa que tivo 8 fillos. Nos últimos anos da súa vida volvería casar en terceiras nupcias con Clementina Pérez de la Iglesia, coa que xa non tivo fillos. Só 3 dos seus descendentes chegaron a sobrevivir ao pai.

En setembro de 1909, Xavier Prado acode a Madrid para presentarse ás oposicións ao Corpo de Inspectores de Hixiene e Sanidade Pecuaria, que aproba co número 41. Isto permítelle solicitar a praza de Ourense. Simultánea o seu posto como inspector pecuario co de veterinario do Laboratorio Municipal, que logo se integraría na sección de Veterinaria do Instituto Provincial de Hixiene.



A biografía de *Lameiro* enriquecese coa súa intensa actividade periodística, literaria e cultural en idioma galego, faceta pola cal é máis coñecido.



No 1917 participa dun xeito decisivo na reedición da publicación galeguista *O Tío Marcos d'a Portela*, periódico quincenal que recuperaba a cabeceira e a ideoloxía anticaciquil do seu fundador, Valentín Lamas Carvajal. O periódico tivo as súas dúas primeiras épocas entre 1876 e 1890. Nesta terceira, o *Tío Marcos* serve de medio de expresión das *Irmandades da Fala* en Ourense.

En 1918, Prado publica a súa primeira entrega poética, *A carón do*

Xavier Prado pensaba que Galicia podía ser a Dinamarca peninsular, apostando pola produción pecuaria de calidade en lugar de pola cantidade

lume, á que seguirían, en 1928, *Cóxeas e moxetes* e os conxuntos de pezas teatrais *Monifates e Farsadas*, todas elas editadas por *La Región*.

Respecto da súa obra artística, destacamos o comentario que fixera Gordón Ordás na *Revista de Higiene y Sanidad Pecuaria*.

"*La Veterinaria está mucho más necesitada de manos señoriles de poesía que la ensalcen, que de manos callosas de herradores que la depriman*".

En 1919, Xavier Prado entra na directiva da Asociación da Prensa Ourensá, fundada no 1913. Foi un dos seus principais impulsores, chegando a ser nomeado presidente en 1931. Tamén en 1919, Prado colabora na fundación da Coral de Ruada, a asociación cultural máis prolífica da cidade de Ourense.

Nos anos da ditadura de Primo de Rivera, *Lameiro* vai tomando unha posición política cada vez máis alonxada do galeguismo e máis próxima á dereita local. Forma parte da Unión Patriótica Provincial practicamente desde que esta empeza a funcionar, en 1924. Aquí achega a súa experiencia profesional na divulgación de novas técnicas agrogandeiras.

"*Constituida oficial y solemnemente la Unión Ciudadana de Orense... Era necesario recorrer la provincia, adentrarse en los ayuntamientos y llegar hasta la última de la chozas del labriego gallego para captar tantas almas hundidas en la ignorancia por el despótico caciquismo y hablarles de la redención que significaba la obra del Directorio... Se ofrecieron, entre otros, A. Noguero, y M. Picuto, que participaron con el Inspector de Higiene Pecuaria J. Prado en los mítines de Carballedo, Castro Caldelas, Lalín, Verín, Sandiás, Ganade, Villarde flores, Crespos de Padrenda, Bande, Viana y Carballiño*".

En 1929, a cidade de Ourense organiza un banquete-homenaxe no que se reclamou a entrada de Prado *Lameiro* na Real Academia Galega.

A partir da II República, o veterinario e escritor reprégase ao seu labor profesional, abandonado as actividades políticas.

Falece en Ourense o 26 de decembro de 1942, a causa dunha insuficiencia cardíaca.

PRADO LAMEIRO, VETERINARIO

Nun obituario publicado en *La Región* o día seguinte ao pasamento de Prado, Vicente Risco reseña que, malia o seu gran labor profesional como inspector pecuario, foi o seu nome de escritor o que lle deu a súa enorme popularidade e o aplauso do gran público. Así pois, sería erróneo pensar que, aínda que descoñecida, a súa faceta como veterinario fose irrelevante.

Tanto na súa etapa en Ribadavia como despois, como inspector provincial, Xavier Prado xoga un importante papel na divulgación e fomento agropecuário da provincia de Ourense.



Vicente Risco

Lameiro foi un adiantado á súa época, elaborando un *Tratado de Veterinaria*, aínda inédito, que celosamente garda o seu neto Javier Prado Méndez. Nesta obra desenvolve a tese de converter Galicia na Dinamarca peninsular, do mesmo xeito que fará Castelao en *Sempre en Galiza* anos máis tarde. Prado aposta por unha produción baseada na calidade en lugar de na cantidade, consciente de que en cantidade non poderíamos competir debido á cada vez meirande presenza de produtos agropecuários de países coma Argentina ou EE.UU. Desde o seu posto en Ribadavia, Xavier Prado insiste na loita contra a rabia e advirte da importancia dunha correcta establecemento do gando, coa finalidade de acabar coa práctica da cohabitación de homes e animais e as súas consecuencias zoonóticas.



Basilio Álvarez, debuxado por Castelao

Nunha conferencia no Carballiño, Prado diserta sobre a selección de exemplares reprodutores, a súa alimentación, a trascendencia dos concursos de gando e a prevención mediante a vacinación e o uso de soros contra o gripo (febre aftosa) e a nacida (carbunco bacteriano).

Tamén loita contra o rubio (mal vermello) e a cisca (colibacilose) no gando porcino, solicitando das autoridades que decreten a suspensión de mercados e feiras.

Como xa se mencionou, o veterinario e escritor aproveita os actos políticos promovidos pola Unión Patriótica para a difusión das melloras agropecuarias. Foxe, ao igual cós seus coetáneos Rof Codina e Valeriano Villanueva, do populismo político de personaxes coma Basilio Álvarez. Así, basea a súa faceta agrarista nun modelo máis práctico.

Prado advertiu da importancia de rematar coa cohabitación de homes e animais e as súas consecuencias zoonóticas

¹Salgado Biempica, A. Informe de la Unión Patriótica. Avance de la provincia de Orense 1923-1929". 1929.Ourense.

O veterinario ourensán escribiu de xeito claro e didáctico sobre as enfermidades infectocontaxiosas, a hixiene pecuaria e a importancia do asociacionismo para o campesiñado

A través da súa pluma, dun xeito simple, alonxado de tecnicismos e próximo ao labrego, trata temas coma as diferentes enfermidades que azoutan a cabana da provincia, a picaresca dos tratantes de gando, etc... Insiste na importancia do asociacionismo do campesiñado, criticando o emprego destas asociacións como meros aparatos de mobilización política.

*"La asociación labrega permitirá comprar máquinas, semillas, razas selectas, abonos,... dándole prosperidad económica a los pueblos... en Galicia está todo por hacer. Las asociaciones no tienen de tales más que el nombre. Son armas para la lucha política, única cosa que aquí se sabe hacer de maravilla. Instrumentos que usan aspirantes a caciques"*²

Denuncia tamén Xavier Prado o empeoramento das razas pecuarias, en especial a vacuna, debido ás malas prácticas gandeiras. Por rendibilizar a curto prazo o crecente mercado exportador aos centros urbanos, estaban a derivarse os mellores exemplares para o sacrificio en lugar de reservalos para tarefas reprodutivas, desaproveitando así as súas capacidades de mellora zootécnica.

*"Desde comenzou a guerra europea o prezo do gando subiu... xa denantes da guerra era costume levar á feira os animais máis xeitosos, quedándonos cos máis ruins para a semente. Agora, cegados polo valor do gando, esa costume faise lei"*³

Lameiro desenvolve un regulamento agropecuario para que os técnicos da Deputación Provincial poidan organizar paradas de sementais. Participa nas asembleas agrarias de Monforte e Rivadavia. En xullo de 1918, intervéñen na Semana Agrícola de Santiago cun relatorio titulado *Dificultades que entraña el diagnóstico de las enfermedades infectocontagiosas*.

Nun dos seus traballos, Prado Lameiro defende que a mellora do gando vacún se faga primando as liñas existentes en Galicia e non a importación



Asemblea Agraria de Monforte (1908)

A través do Consello Provincial de Fomento, Xavier Prado publicará traballos coma *Instrucciones profilácticas y curativas sobre las enfermedades infectocontagiosas más frecuentes en el ganado de la provincia* (1911), *Generalidades sobre higiene pecuaria* (1912) ou *Mejora de los vacunos* (1913). Neste último defende _ao igual que na contestación a unha carta de Tomás Rodríguez, director da Escola de Veterinaria de Santiago, onde este lle require a súa opinión sobre o fomento do gando vacún_ que a mellora debe basearse na selección das razas existentes, antes ca en importar novas liñas.

O 11 de decembro, Prado participa na creación do Colexio Provincial de Veterinarios de Ourense, do cal sería presidente durante 3 anos, pasando logo a ser honorario.

Así, a cantidade de facetas que desenvolveu Prado Lameiro fai necesaria unha análise máis pausada da súa obra, integrando o binomio artista-veterinario que marcou a súa vida.

BIBLIOGRAFÍA

- Conde Gómez, D; Ordás Miguélez, M; Etxaniz Makazaga, J.M.; Etxaniz Bujanda, O. (2006) "When the muses outshine the veterinarian. The figure of Xavier Prado Rodríguez "Lameiro" (1874-1942). Proceedings of XXXVII International Congress of the World Association for the History of Veterinary Medicine. León.
- Iglesia Hernández, P (1973) Javier Prado Rodríguez. Semblanzas II. León.
- Soutelo Vázquez, Raúl (1999). Os intelectuais do agrarismo. Universidade de Vigo. Vigo.
- Valcárcel López, Marcos. "Xavier Prado Lameiro no seu tempo".(1995) Obra completa de Xavier Prado Lameiro. Concello de Ourense. Ourense.

²Vid. "Problemas agrícolas de Galicia". O Tío Marcos d'a Portela (7-4-1917). ³Vid. "Prezo do gando e caste". O Tío Marcos d'a Portela (7-4-1918).